

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Técnica de conservación preventiva dos bens pictóricos I
Departamento: Conservación e restauración de pintura
Formación básica
Curso: 3º pintura
1º Cuadrimestre
2 ECTS
Teórica
Profesora: Sonia Seco Lanzós
sonia.seco@edu.xunta.gal
Horario: 2 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

- Procedementos específicos de conservación preventiva dos bens pictóricos *in situ*, en exposición, no traslado ou no depósito.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración mais axeitado.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e a restauración
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración
X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.

X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.
X17	Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva de ben cultural “in situ”, durante a súa exposición, almacenamento, transporte ou depósito.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA	
EP9	Deseñar protocolos de actuación para o mantemento in situ, almacenamento, exposición, manipulación, embalaxe e transporte de bens culturais propios da especialidade, de forma que se garanta a súa integridade e adecuada conservación.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e saber empregar os materiais, procedementos e metodoloxías apropiados durante a manipulación, embalaxe, transporte e almacenaxe dos bens pictóricos. • Deseñar estratexias para a correcta manipulación, embalaxe, transporte e almacenaxe de bens pictóricos. • Coñecer e asimilar as funcións da figura do correo. 	

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidades	Subtemas	% da materia
1. Procedementos específicos de manipulación.	1.1. Riscos e normas de manipulación 1.2. Tipos de movemento e persoal responsable 1.3. Fases importantes en canto á manipulación de bens pictóricos.	20 %
2. Procedementos específicos e material de embalaxe.	2.1. Materiais de embalaxe 2.2. Procedementos de embalaxe e desembalaxe. 2.3. Deseño e construción de embalaxes. Modalidades e elementos de control.	25 %
3. Procedementos específicos de traslado. Transporte	3.1. Necesidades do transporte. Medios de transporte e normativa. 3.2. Fases de transporte e riscos 3.3. Xestión de transporte e empresas relacionadas 3.4. Figura do correo	30 %
4. Procedementos específicos de depósito e almacenaxe.	4.1. Almacéns de arte. Normativa e necesidades. Planificación, deseño e espazos, e condicionantes. 4.2. Tipo de almacenamento. Obra pictórica. Mobiliario. 4.3. Códigos de localización. 4.4. Conservación e mantemento do almacén.	25 %

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxía	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesións maxistras	30		30
Estudo autónomo		10	10
Traballo tutelado / Exposicións	5	4	9
Debates estudos de caso e outras actividades	1		1
Total	36	14	50

METODOLOXÍA DOCENTE PRESENCIAL/TELEMÁTICA

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado.
Sesión maxistral	Exposición, por parte da profesora, dos contidos básicos da materia mediante a proxección de presentacións.
Traballo individual tutelado	Realización de un traballo individual sobre o proceso de préstamo, embalaxe, transporte e depósito dunha obra pictórica, segundo orientación proporcionada pola docente.
Exposición/ presentación de traballos	A/o estudante presentará o seu traballo individual, explicando os problemas atopados, as solucións aportadas e resultados obtidos.
Estudos de caso e/ou comentario crítico de lecturas de artigos especializados.	Lectura e análise/comentario de forma crítica e individual das lecturas proporcionadas. Posta en común/debate na aula, de ser o caso.
Estudo/aprendizaxe autónoma	Estudo individual da materia empregando diversas fontes (apuntamentos; material bibliográfico, etc.).

SISTEMAS DE AVALIACIÓN PRESENCIAL/TELEMÁTICA

Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas, poden incluír estudos de caso e/ou preguntas (curtas, longas).	Corrección e rigor nos contidos, así como na expresión escrita.	65 %
Traballo tutelado e a súa presentación	Puntualidade na entrega. Imprescindible para aprobar o traballo e poder presentalo na aula. - (10 %) Calidade no contido: rigor técnico; grao de aplicación de conceptos teóricos e corrección no desenvolvemento do exercicio. - (5 %) Forma: formato, claridade e eficacia na expresión, ortografía, epígrafes. - (5 %) Presentación na aula.	20 %
Estudos de caso e/ou comentario crítico de artigos especializados	Puntualidade na entrega. Imprescindible para aprobar cada entrega e poder participar na posta en común na aula. - Calidade: grao de reflexión e valoración crítica - Claridade e eficacia na expresión de ideas. Forma. - Participación nas postas en común (de ser o caso).	10 %

Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula:	Interese demostrado; asimilación dos coñecementos adquiridos; responsabilidade e organización no traballo; participación na aula.	5 %
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

▪ A asistencia é obrigatoria. Deste modo, a non asistencia ás clases repercutirá na cualificación. Non se pode superar un 25 % de faltas sen xustificar. De superarse, pérdese o dereito a ser avaliado de forma continuada, e avaliarase facendo uso da convocatoria oficial ordinaria, segundo se indica máis adiante (recuperación total da materia).

Convocatoria ordinaria:

▪ Avaliación continua. Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado e os exames propostos ao longo do curso. Isto significa que, para aprobar con avaliación continua o/a alumno/a:

- Non pode superar un 25 % de faltas sen xustificar.
- Debe ter realizados todos os traballos solicitados (proba escrita; traballo individual tutelado; estudos de caso/comentarios críticos), e avaliados segundo rúbrica dispoñible na aula virtual.
- Debe acadar, como mínimo unha nota de 3,25 (sobre 6,5) na proba escrita (aprobado).
- Debe acadar unha cualificación global da materia de 5 ou superior. A cualificación global da materia resulta da suma das cualificacións (“proba escrita” + “traballo tutelado” + “comentarios críticos” + “observación sistemática”).

▪ Avaliación en convocatoria oficial ordinaria. O exame da convocatoria ordinaria servirá de recuperación (total ou parcial) das partes non superadas. Poderá comprender os contidos teóricos e todos aqueles relacionados coas lecturas e material proporcionado no curso.

Convocatoria extraordinaria:

- O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.
- Na convocatoria extraordinaria o alumnado terá que realizar unha proba escrita sobre o total dos contidos desenvolvidos no curso. A avaliación da materia na convocatoria extraordinaria farase só a través desa proba escrita.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías serán presenciais, poderán ofrecerse durante as sesións de docencia ou no horario establecido, no despacho do profesor ou na aula, en horario de titoría, con previo acordo.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA**BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:**

- CANADIAN HERITAGE. Canadian Conservation Institute. [Painting and polychrome surfaces. Preventive conservation guidelines for collections. \(CCI\) Notes.](#)
- FERNÁNDEZ, C. [Conservación preventiva y procedimientos en exposiciones temporales.](#) Madrid: GE-IIC, 2008.
- FORNIÉS MATÍAS, Z. [La climatización de los depósitos de archivos, bibliotecas y museos como método de conservación.](#) Gijón: Trea, 2011.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, I. [La conservación preventiva de bienes culturales.](#) Madrid: Alianza Editorial, 2013.
- JIMÉNEZ DE GARNICA, R. [La conservación preventiva durante la exposición de dibujos y pinturas sobre lienzo.](#) Gijón: Ediciones Trea, 2011.
- MARCHIONE, E. B. e TISSERA, A. M. [Museo técnica. Manual de conservación preventiva.](#) Rosario (Argentina): Laborde Editor, 2012.
- ROTAECHE, M. [Transporte, depósito y manipulación de obras de arte.](#) Madrid: Editorial Síntesis, 2008.

OBSERVACIÓNS

- Non se permite o uso ou funcionamento de teléfonos móbiles nin ningún outro dispositivo (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación, salvo consentimento expreso da docente.
- Na plataforma didáctica Moodle poderán consultarse as bases dos traballos de elaboración obrigatoria, materiais didácticos e documentación como: artigos de crítica e científicos. A mesma plataforma poderá ser a empregada para a entrega de traballos e a realización de probas, quedando a discreción da docente.
- A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia, así como coa bibliografía recomendada.